

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- Núm. 19 **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión **ORDINARIA** que terá lugar o día **29 de XANEIRO de 2008**, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Acta anterior. (Sesión ordinaria 27.10.08)

XESTIÓN MUNICIPAL

- 2.- Incremento da contía global destinada a complemento de produtividade no orzamento vixente do organismo autónomo Instituto Municipal dos Deportes.
- 3.- Incremento da contía global destinada a complemento da produtividade no orzamento vixente do organismo autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios. Expte. 63/13.
- 4.- Corrección da folla cartográfica 12-37 do inventario municipal de bens e dereitos ó obxecto de eliminar a grafía dun ramal do camiño Río da Barxa, Coruxo. Expte. 17941/240.
- 5.- Xestión indirecta do Mercado do Progreso mediante concerto. Exptes. 59/551.
- 6.- Reclamación previa á vía xudicial civil de rectificación inventarial do último tramo do camiño Torreiro, Beade, Porto núm. 33. Expte. 18128/240.
- 7.- Reclamación previa á vía xudicial civil de rectificación inventarial do camiño Piñeiro R-3. Expte. 18049/240.

MEDIO AMBIENTE

- 8.- Dar conta da elevación a definitivo do acordo provisional da modificación das disposicións comúns ás ordenanzas municipais de protección do medio ambiente. Expte. 5739/306.

MOBILIDADE

- 9.- Aprobación inicial da ordenanza reguladora da convivencia cidadá e o ocio no termo municipal de Vigo. Expte. 75607/210.

CULTURA, INDUSTRIA, TURISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO

- 10.- Denominación de vial "Estrada Monte dos Pintos" na parroquia de Coruxo.
- 11.- Denominación de vial "Camiño do Souto de Fonte Escura" na parroquia de Candeán.

MOCIÓNS

- 12.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando a esixir da Xunta de Galicia una mellora das listas de espera e da sanidade pública da cidade.
- 13.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando o aumento da partida orzamentaria destinada á construción da cidade da xustiza, así como a acelerar a creación de novas dotacións xudiciais na cidade.
- 14.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando a aplicación da ordenanza de carga e descarga.

- 15.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando o reforzamento da sinalización actual dos pasos de peóns.
- 16.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando a aprobación nas Cortes Xerais da proposición de modificación da Lei orgánica 5/85, do réxime electoral xeral para a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía.
- 17.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando o procedemento de disolución dos concellos dirixidos por ANV.
- 18.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ó aumento da cota de produción láctea proposto pola UE para o conxunto comunitario.
- 19.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular para que se retome o proxecto inicial para o Chalet Agarimo e se execute no menor prazo posible.
20. Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando, entre outros, a elaboración e aplicación de programas asistenciais especificamente dirixidos ós nenos con problemas de saúde mental.
- 21.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando a modificación da categoría profesional dos axudantes de oficios do Concello.
- 22.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando a retirada das placas conmemorativas non autorizadas pola Corporación e colocadas nas rúas do Casco Vello.
- 23.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE horas do día VINTENOVE DE DECEMBRO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

O ALCALDE,

Vigo, 23 de DECEMBRO de 2008
O SECRETARIO XERAL DO PLENO ACCTAL.,

Abel Caballero Álvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela